
1.- ANTECEDENTES

1. Con data 20 de xaneiro de 1997 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia un escrito da Secretaría Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de data 17 de xaneiro de 1997 sometendo á consideración deste organismo o Anteproxecto de Lei de Cooperativas de Galicia, para que polo Consello se emitira o preceptivo dictame.

2. O texto do Anteproxecto de Lei foi remitido polo presidente do Consello con data 21 de xaneiro ó presidente o ós membros da Comisión Sectorial 1, *Economía, Emprego e Desenvolvemento Territorial*, competente por razón de materia. Á vez, tal e como establece o Regulamento do CES, deuse conta á Comisión Permanente da citada entrada e remisión do texto do Anteproxecto de Lei.

3.- O presidente do CES comunica ó conselleiro que o precedemento para a emisión de dictame preceptivo do Consello sobre o asunto reclamado xa foi posto en marcha e establécese o prazo para o remate dos traballos. Á vez, reclamou os estudos e informes previos que sirveron para redacta-lo anteproxecto.

4.- O 11 de febreiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial 1 para o xoves, 20 de febreiro, co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de dictame.

5.- Tra-lo estudio do tema, a Comisión decidiu volver a reunirse o luns, 24 de febreiro para o mesmo fin. Despois de varias horas de reunión, e dado que os traballos non remataron, os membros decidiron convocar unha nova sesión da comisión para o mércores, 26 de febreiro. Nesta sesión, a Comisión rematou o seu traballo de análise do texto enviado e decidiu remiti-lo borrador do dictame ó

presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- A Comisión Permanente do Consello, na súa reunión do día 24 de febreiro, á vista do texto elaborado pola Comisión Sectorial 1, acordo convoca-lo Pleno do CES para o día 14 de marzo.

7.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, reunido na súa sesión 2/97 o venres, 14 de marzo, acordou emitilo seguinte

DICTAME

Sobre o Anteproxecto de Lei de Cooperativas de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto estrutúrase en cinco títulos (Título I, das sociedades cooperativas; Título II, do rexistro das cooperativas; Título III, que recolle as disposicións especiais; Título IV, das asociacións e representación cooperativa; e Título V, da Administración pública e as cooperativas), cun total de 143 artigos, con tres disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha única disposición derogatoria e tres disposicións finais.

O título máis extenso é o primeiro, con dez capítulos e un total de 96 artigos. Nos dous primeiros capítulos faise referencia ó concepto de cooperativa, o número de socios, regúlanse as operacións con terceiros, a constitución destas sociedades e os seus órganos de dirección, así como o contido mínimo dos seus estatutos. O capítulo terceiro deste título adícase ós socios da cooperativa, a súa admisión e posible baixa,

os seus dereitos e obrigas, e tamén da disciplina social e o precedente sancionador.

Teñen cabida neste título, no capítulo cuarto, as disposicións sobre os órganos da cooperativa, coa regulación da asemblea xeral, a súa convocatoria, constitución e funcionamento, do órgano de Administración da cooperativa e o Consello de Administración e as súas funcións. Tamén se fai referencia as funcións dos interventores, o Comité de Recursos e o letrado asesor.

O quinto capítulo do Título I adícase ó réxime económico destas sociedades, desde o capital social mínimo esixible e as aportacións obrigatorias ó mesmo. Este capítulo económico fixa a distribución dos excedentes netos e regula os fondos sociais obrigatorios (Fondo de Reserva e Fondo de Formación e Promoción Cooperativa) e os dereitos dos acreedores personais dos socios.

O seguinte capítulo recolle as disposicións sobre a documentación social e a contabilidade nas cooperativas, mentres que o sétimo regula os requisitos para a posible modificación dos estatutos. O capítulo oitavo fala das modalidades de fusión das cooperativas e as posibles escisións e os dereitos dos socios nestes casos. Por outra banda, contéplase a posibilidade da transformación da cooperativa. O capítulo noveno deste primeiro Título adícase a este suposto, tanto para as cooperativas que deixan de serlo como ó cambio doutras sociedades para transformarse en cooperativas.

O último capítulo deste Título I, o décimo, regula a disolución e liquidación das cooperativas, coas súas causas, o proceso a seguir neses casos, o balance final e a escritura pública de extinción e cancelación rexistral.

O Título II, moito máis corto, fai referencia ó Rexistro de Cooperativas de Galicia, as súas funcións e regulación.

Máis voluminoso resulta o Título III, Disposicións Especiais, que ten un primeiro capítulo adicado as clases de cooperativas: de traballo asociado, agrarias, de explotación comunitaria da terra, de consumidores e usuarios, de servizos, do mar, de explotación de recursos acuícolas, de vivendas, de ensinanza, de asistencia social, de crédito, de seguros ou sanitarias. En todas, o anteproxecto establece a definición das mesmas, as aportacións e as condicións para os seus socios e actividades.

Nos seguintes capítulos, o anteproxecto regula as cooperativas de segundo grao, ou cooperativas de cooperativas, e outras posibles formas de colaboración económica. Estas sociedades poderán formar asociacións, unións ou federacións, que o seu funcionamento queda tamén fixado no texto, en concreto no Título IV. Un capítulo adícase especificamente ó Consello Galego de Cooperativas e outro máis á promoción cooperativa.

O último Título establece as relacións entre a Administración Pública e as sociedades cooperativas, cuns principios xerais, os mecanismos de inspeccións, o réxime sancionador e a posible descualificación dunha cooperativa, ademais das medidas de fomento deste tipo de asociacións de traballo.

O resto das disposicións fan referencia a outros textos anteriores, a posteriores desenvolvementos normativos e ós prazos para que as actuais sociedades cooperativas adapten os seus estatutos á nova norma cando entre en vigor.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O Anteproxecto, nos seus aspectos máis relevantes, é o resultado dun seguemento, en moitas ocasións textual e en meirande parte dos casos conceptual, da lexislación cooperativa actualmente en vigor no Estado e nas súas Comunidades Autónomas, en particular a Ley General de Cooperativas, de 2 de abril de 1987, e, de modo especial, a Ley de Cooperativas de Euskadi, de 24 de xuño de 1993. Esta circunstancia, que en si mesma non tería por qué ser valorada negativamente, pode en cambio ser obxecto de crítica se se valora como *renuncia a unha reflexión lexislativa propia*, capaz de ir máis aló que os textos inspiradores na incorporación das tendencias que parecen estar abriéndose camiño non só na literatura senon no propio movemento lexislativo da Unión Europea.

2.- Este seguemento puntual dos antecedentes lexislativos levou a formular un Anteproxecto de Lei de mercado carácter regulamentario (conta con 143 artigos, 3 disposicións adicionais, 6 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 3 disposicións finais) que, sen embargo, non esgota a regulación da materia. De feito, no propio texto evócase a necesidade de *posteriores desenvolvemento normativos*, como é o caso do Regulamento do Rexistro de Cooperativas (ó que alúdese na disposición transitoria cuarta) e das normas de desenvolvemento da Lei que dentro do prazo de 18 meses deberán ser dictadas pola Xunta, a proposta do conselleiro competente en materia de Traballo (Disposición final terceira). Se a isto engádese que na Escritura de constitución dunha cooperativa poden facerse figurar pactos de variado contido regulamentario (art. 16.2 i, do Anteproxecto) e que os propios Estatutos da Cooperativa poden ser desenvolvidos, á súa vez, por un Regulamento de Réxime Interno aprobado pola Asemblea Xeral (art. 14.2 do Anteproxecto), o resultado pode se-la presenza dunha farragosa maraña de disposicións (legais, administrativas, estatutarias e regulamentarias) capaz de facer especialmente dificultoso o coñecemento do réxime normativo aplicable.

3.- Desde un punto de vista de técnica lexislativa, tería sido preferible a elaboración dun texto legal máis reducido que se limitara a incorpora-las normas sustantivas de dereito necesario aplicables ás Sociedades Cooperativas, calquera que fose a súa clase, deixando para *un posterior desenvolvemento regulamentario* a ponderación das particularidades dos tipos máis significativos de cooperativas.

Esta, e non outra, é a técnica seguida en gran parte das lexislacións europeas: sirvan como exemplos o Estatuto General de Cooperacion francés (que conta con 43 artigos) ou as Leis especiais de Irlanda e do Reino Unido sobre Sociedades Industriais e Mutuas (con 37 e 78 artigos, respectivamente), ou a lexislación sobre Cooperativas de Bélxica, Holanda e Italia contida nos seus Códigos de Comercio ou Civil (32 artigos no Código de Comercio belga, 23 no Código Civil holandés e 34 no Código Civil italiano) ou no Código Cooperativo de Portugal de 1980 (con 89 artigos).

Estas lexislacións básicas teñen sido obxecto de posterior desenvolvemento normativo en atención ás particularidades das singulares cooperativas; así, por exemplo, en Francia coas disposicións reguladoras das **cooperativas agrícolas** (no Código Rural de 1981-92), das **cooperativas de artesáns**, de **empresas de transporte**, **artesanales de transporte fluvial, marítima e de interés marítimo**

(por Lei de 20 de xullo de 1983), de **Banca** (Lei de 17 de maio de 1982), de **comerciantes detallistas** (Lei de 11 de xullo de 1972-92) e en Portugal cos diversos Decretos (12) reguladores das distintas clases de cooperativas.

4.- Seguendo unha tendencia xeralizada nas lexislacións modernas, o Anteproxecto, ó tratar o importante tema dos Órganos da cooperativa, inspírase e acolle as técnicas organizativas propias das sociedades de capitais (a súa expresión arquetípica é a sociedade por accións). Pero o autor do texto non quixo levar esta inspiración ás súas últimas consecuencias. Así, a diferenza da Lei de Cooperativas de Euskadi, decidiuse por manter-la figura dos *Interventores*, como órgano (na meirande parte dos casos, colexiado) de control e de fiscalización e, a diferenza da Proposta de Regulamento sobre Estatutos da Sociedade Cooperativa Europea, plantexa unha regulación do órgano de administración do máis puro corte tradicional (ó mesmo, neste punto, que a Lei de Euskadi inspiradora).

4.1.- A figura dos *Interventores*, inspirada na dos accionistas censores de contas da derogada lexislación de Sociedades Anónimas, presenta a mesma ineficacia que se atribuíu a estes “censores” en punto ó cumprimento dun efectivo e eficaz labor de control e de fiscalización da actuación dos administradores. A súa desaparición no moderno Dereito de Sociedades foi, por eso, xeral, ó tempo que o exercicio desa función de control atribuíase ou ben á necesaria (nos casos máis trascendentes das grandes sociedades) presenza de *auditores externos* estables (nalgunha medida), ou ben ó recoñecemento *dun dereito de información sobre a contabilidade*, de contido ríxido, en favor dos socios (xeralmente a partir dunha determinada participación na sociedade), ou ben á configuración dun modelo de *administración dualista* integrado pola Dirección e o Consello de Vixilancia.

4.2.- De acordo, en parte, con este plantexamento, a Lei de Cooperativas de Euskadi prescindíu dos Interventores e no seu lugar deu entrada a un Consello de Vixilancia; con iso decantouse pola configuración necesariamente *colexiada* do órgano de control, ó mesmo tempo que ampliaba o seu cometido mediante a atribución, a este órgano colexiado, dunha nova serie de atribucións específicas; pero a Lei de Euskadi non se atreveu a incardinar este órgano como parte da estrutura do que se ven chamando, no Dereito de Sociedades, *administración dualista*; de feito, a Lei de Euskadi fixo compatible a presenza deste órgano de vixilancia coa existencia do Consello Rector, ó que configura, ó modo tradicional, como órgano colexiado de administración cun número variado de conselleiros (nunca menos de tres).

5.- En liña coas previsións da anotada Proposta de Regulamento da UE, o Anteproxecto debería terse decidido pola supresión da figura dos interventores (ó igual ca Lei de Euskadi) e pola introducción, no noso ordenamento legal, do sistema de administración dualista (o que non se atreveu a facer o referido texto legal) cunha *Dirección* encomendada a unha sóa persona ou a un máximo de tres (non necesariamente socios da Cooperativa, nomeados e separados polo Consello de Vixilancia) e un *Consello de Vixilancia* formado por un número variable de membros designados pola Asemblea Xeral, de entre os socios da Cooperativa. Á Dirección corresponderíalle o exercicio das facultades ordinarias de xestión e de representación da cooperativa (en xuízo e fora del) e ó Consello de Vixilancia, ó control do exercicio daquelas facultades pero tamén a autorización para a realización de determinados actos de extraordinaria administración que a normativa (legal e estatutaria) sinalasen. Ámbolos órganos integrarían a administración da sociedade cooperativa e os seus compoñentes estarían sometidos, en principio, ó mesmo réxime de responsabilidade civil polos danos ocasionados como consecuencia de actuacións negligentes ou, simplemente, abertamente contrarias á Lei ou ós Estatutos.

6.- A configuración do sistema de administración dualista debería, sen embargo, facerse compatible coa posibilidade de que determinadas cooperativas, de número de socios reducido, se acolleran ó sistema tradicional (monista) de organiza-la administración sobre a figura do administrador único, trasladándose neste caso o exercicio do control interno á propia Asemblea Xeral (de reducida composición, nestes casos e, por tanto, con posibilidades de cumprir esta función) e ós propios socios individualmente considerados, a través do recoñecemento dun dereito de información individual do socio, de contido ríxido e inderogable, sobre o concernente ó exame e verificación, en calquera momento, da contabilidade da sociedade.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

En relación co Anteproxecto de Lei de Cooperativas de Galicia, remitido ó CES pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións no texto presentado:

Artigo 1, parágrafo 1: habería que cambia-la redacción para substituí-la palabra “conxunta” pola palabra “en común” e incluí-la idea de “prestación de servicios”. A nova redacción sería “... *desenvolve unha empresa de propiedade en común, a través do exercicio de actividades socio-económicas ou a prestación de servicios, para satisfacer...*”

Artigo 3.1º: *Proponse que o calificativo “galega” na denominación destas sociedades sexa opcional.*

O precepto de referencia esixe que as cooperativas suxeitas á presente Lei incluírán necesaria e exclusivamente na súa denominación as palabras “Sociedade Cooperativa Galega”, ou a súa abreviatura “S.Coop. Galega”. O Consello considera que o emprego, na súa denominación, do calificativo de “galega” debe ser optativo para as cooperativas, posto que así como nuns casos, para a venda dos seus produtos, o seu uso pode ser beneficioso, noutros casos pode resultar un atranco.

Artigo 5.1º: *Proponse unha nova redacción do apartado: “O capital social mínimo para constituírse e funcionar unha Sociedade Cooperativa será o que fixen os Estatutos Sociais, expresándose en pesetas, debendo estar totalmente desembolsado desde a súa constitución”.*

Para facilita-la creación de cooperativas, que en determinados casos non necesitan un capital social mínimo tan elevado (por exemplo, as de Traballo Asociado), o mellor sistema é que sexan os Estatutos Sociais os que fixen o capital social mínimo.

Artigo 5.2º, parágrafo 1º: *debería suprimirse.*

En consoancia co exposto para o artigo 5.1º, propónse suprimir este parágrafo.

Artigo 5.2º, parágrafo 2º: *debería ter a seguinte redacción: “A variación da cifra deste capital require modificación estatutaria, e o seu acordo haberá de publicarse no DOG. Dito acordo deberá depositarse no Rexistro Xeral de Cooperativas que tramitará a súa publicación no DOG gratuítamente”.*

Considérase máis axeitado que o acordo da variación da cifra do capital social mínimo se publique no Diario Oficial de Galicia, no canto de nun dos diarios de maior tirada da provincia de domicilio da sociedade, como din o anteproxecto.

Artigo 7.1º: Proponse unha rebaixa no número de socios esixido, do seguinte xeito: *“As sociedades cooperativas de primeiro grao haberán de estar integradas, alomenos, por 3 socios”.*

Dada a situación económica e o desenvolvemento empresarial do noso país, é conveniente que nas Sociedades Cooperativas de primeiro grao, sexa cal sexa o tipo de cooperativa de primeiro grao, se rebaixe o número de socios mínimo para crear unha sociedade deste tipo a 3.

Artigo 12.2º, parágrafo 2º: Proponse unha nova redacción para este apartado, que quedaría así: *“No caso de cooperativas de segundo grao, os outorgantes da escritura pública de constitución, **autonizados para iso pola Asemblea Xeral**, deberán ser...”*

A modificación é que, como garantía, os outorgantes da escritura pública de constitución deberán estar autorizados pola Asemblea Xeral da cooperativa.

Artigo 12.2º, parágrafo 3º: Proponse unha nova redacción no seguinte senso: *“Se se realizasen aportacións non diñerarias, que se incorporarán á escritura...”*

Esta modificación de que as aportacións non diñerarias deberáanse aportar á escritura pública propónse tamén como garantía para os membros da cooperativa.

Artigo 19.2º parágrafo 1º: Proponse unha nova redacción do apartado no seguinte senso: *“Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, a solicitude entenderase aprobada”*.

O contrario o que se expón no Anteproxecto, parece máis axeitado optar polo silencio positivo. Así, no caso de solicitude de admisión para ser socio, sen que houbera resolución expresa, transcorrido o prazo “entenderase aprobada”.

Artigo 19.2º parágrafo 2 e artigo 19.3º: Proponse que as votacións sexan secretas, coa seguinte redacción: *“O Comité de Recursos resolverá nun prazo máximo dun mes, contado desde a presentación da impugnación, ou, se o recurso se interpón ante a Asemblea Xeral, na primeira reunión que se celebre, en votación secreta con carácter xeral”*.

Para evita-lo posible condicionamento dos votantes é necesario que as votacións na Asemblea Xeral sexan secretas.

Artigo 20.1º: O prazo de preaviso establecido debería ser máis curto, coa seguinte redacción: *“O prazo de preaviso, que fixarán os Estatutos, non poderá ser superior a 3 meses”*

O prazo de preaviso dun ano para darse de baixa como socio contemplado no anteproxecto é excesivo, polo que se propón a súa redución ata un tempo moito máis prudencial.

Artigo 20.2º: Neste apartado, a redacción debería ser: *“...O tempo que fixen os Estatutos, que non poderá ser superior a 5 anos”*.

No caso de que un socio decida darse de baixa voluntariamente, parece excesivo que se fixe un prazo máximo de 10 anos desde a súa admisión, polo que debe reducirse tal periodo ata a metade.

Artigo 20.3º, apartado a): Engadir ó final deste apartado: “*Escrito dirixido ó Órgano de Administración da cooperativa*”.

Considérase que débese especificar a onde debe dirixi-la solicitude de baixa o socio da cooperativa, extremo que non se contempla na actual redacción.

Artigo 23.2º apartado f): *Proponse a redución da porcentaxe de socios esixido, desde un 15% ata o 10%.*

Tendo en conta o que dispón a Lei estatal de Cooperativas, débese reduci-la porcentaxe de socios necesaria para solicitar información ó Órgano de administración.

Artigo 25.2º: Novo prazo máis curto, coa seguinte redacción: “*As infraccións cometidas polos socios prescribirán..., se son moi graves, ós tres meses...*”.

Resulta excesivo o prazo de prescripción de 6 meses das posibles infraccións moi graves cometidas polos socios.

Artigo 27.1º: *Proponse reduci-lo prazo sinalado neste apartado a 6 meses.*

O prazo máximo esixible para a duración na condición de socios a proba na cooperativa tamén é excesivo, polo que proponse reduci-lo a 6 meses.

Artigo 27.4º: Débese modifica-lo total de socios a proba que poida existir en cada momento, aplicando a seguinte escala: “*O total de socios a proba que exista en cada momento axustarase á seguinte escala: Ata 10 membros na cooperativa, non*

poderán ser máis de 2 socios a proba; entre 11 e 30 membros, 3 socios a proba; e a partir de 31 membros, non superarán o 1/10 do total de socios da Cooperativa”.

Artigo 30 : Proponse que se engada ó final da definición de Asemblea Xeral que é “*o órgano supremo de expresión da vontade social*”.

A Lei estatal fai referencia expresa a esta característica da Asemblea Xeral como órgano de expresión da vontade social, referencia que debería incorporarse na futura Lei galega.

Artigo 32.2º: Proponse novas atribucións para a Asemblea Xeral, segundo o seguinte texto: “*A Asemblea Xeral Ordinaria ten por obxecto principal o exame e aprobación, se procede, da xestión social, das contas anuais e, resolver...*”

A Asemblea Xeral Ordinaria debe ter como obxecto non só o exame da xestión social, senón tamén a súa aprobación, é por iso que para que sexa máis comprensivo este artigo proponse a sinalada modificación.

Artigo 33.3º: *Débese rebaixar a 100 socios o número mínimo para que a petición deles se reúna a Asemblea Xeral extraordinaria.*

É excesivo o número de 200 socios para que, a petición deles, se reúna a Asemblea Xeral extraordinaria, posto que nunha cooperativa de grandes dimensións débéselle posibilitar a entrada ós intereses dos grupos minoritarios.

Artigo 34.1º: Fanse dúas consideracións ó apartado un. Por unha banda, no parágrafo 1º, a convocatoria da Asemblea Xeral ademais de facerse mediante anuncio debería comunicarse individualmente a cada socio. A nova redacción do parágrafo proposta é a seguinte: “*A Asemblea Xeral convocarase sempre mediante anuncio (...) sen perxuízo de que se comunique individualmente a cada socio...*”.

Por outra banda, e en consoancia co anterior, proponse *suprimi-lo parágrafo 2º.*

Artigo 34.2º: Proponse engadir a este artigo a seguinte frase: “A convocatoria indicará, alomenos, a data, hora e lugar da reunión, así como a documentación completa relativa a esa convocatoria”.

Na actual redacción, parece que non estaba completa a convocatoria se non se facilita ós socios a documentación necesaria para abordar os puntos previstos na mesma. Neste apartado débese engadir que a convocatoria indicará ademais do exposto no anteproxecto, a documentación completa relativa a esa convocatoria.

Artigo 35.7: Proponse unha nova redacción, que quedaría así: “Os Administradores deberán asistir á Asemblea Xeral, con voz, aínda no suposto de non ostenta-la condición de socio...”

Neste apartado deste artigo dise que “os Administradores deberán asistir á Asemblea Xeral, con voz e voto, aínda no suposto de non ostenta-la condición de socio...”

Considérase que é máis axeitado a dereito que tan só asistirán con voz pero sen voto.

Artigo 36.8º: Engadir ó final deste apartado o seguinte párrafo: “Se os Estatutos o prevén, os socios poderán facerse representar por outros socios autorizándoselles (...) polo representado para cada Asemblea, verificada tal representación polo Interventor/es da Cooperativa”.

Coa finalidade de evitar posibles fraudes, imponse que a representación dos socios sexa verificada polo Interventor/res da Cooperativa, polo que se propón engadir o final deste apartado unha referencia expresa a esa circunstancia.

Artigo 39: Proponse a inclusión do seguinte texto: “O voto delegado será válido unicamente para a Asemblea Xeral concreta de que se trate”.

Débase facer constar que o voto delegado vai a valer exclusivamente para unha Asemblea concreta, a que se celebre nas datas seguintes.

Artigo 45.1º: Proponse reduci-la duración do cargo proposta: “*Os administradores serán elixidos por un período, que fixarán os Estatutos, entre 2 e 4 anos*”

Considérase que o tempo de 6 anos proposto polo anteproxecto é un período moi longo para a duración do cargo de administrador da cooperativa, polo que proponse reduci-lo mesmo ata un máximo de 4 anos.

Proponse tamén crear un apartado neste artigo no que se especifique que “*Dentro das competencias do Consello de Administración estará poder nomear un conselleiro-delegado ou xerente que terá as funcións que expresamente lle atribúa a Asemblea Xeral ou o Órgano de Administración, sempre e cando esta figura estea prevista nos Estatutos*”.

Artigo 46.1º: Amplia-lo concepto coa seguinte redacción: “*O funcionamento interno do Órgano de Administración regularase polos Estatutos. No non previsto poderá regularse por si mesmo*”

Estímase máis acertado substituír “no seu defecto” por “no non previsto” porque é un concepto máis amplo, que engloba todas as posibilidades.

Artigo 53.2º: Proponse que o mandato sexa máis curto: “*Estatutariamente determinarase o número de Interventores titulares e suplentes, así como a duración do seu mandato entre un período de dous a catro anos...*”

Considérase excesiva a duración do mandato dos interventores tal e como está recollida no anteproxecto (ata 6 anos), polo que se propón que en vez de dous a seis anos sexa de dous a catro.

Artigo 53.in fine.: Recoméndase engadir ó final deste artigo o seguinte texto:
“O cargo de Interventor da cooperativa será incompatible co cargo de Administrador, esixíndose ademais que entre os membros da intervención e da administración non se dea consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, agás que se trate de cooperativas onde o 100% dos socios sexan familiares”.

Artigo 54: Proponse engadir dous apartados máis a este artigo, que serían os seguintes:

“54.4º.- O exercicio do cargo de Interventor non dá dereito a retribución, agás que o dispoñan os Estatutos.

54.5º.- As cooperativas de traballo asociado con menos de 5 socios poderán solicitar á Dirección Xeral de Relacións Laborais (ou órgano competente) o nomeamento de Interventor por acordo da Asamblea Xeral”.

Artigo 55: Proponse que a redacción sexa modificada para facer explícitos algúns límites para a verificación das contas. A texto suxerido é o seguinte: *“A verificación das contas non poderá ser realizada por persoas que desempeñen ou desempeñasen nos últimos catro anos postos de administración ou funcións de asesoramento ou de confianza na Cooperativa, nin por quen forme ou formase parte do persoal da mesma no mesmo período de tempo nin polas persoas que estean inmersas en algunha das prohibicións que a presente lei establece para os interventores”.*

Artigo 56.2º: Reducción do tempo de mandato: *“A duración do seu mandato determinarase estatutariamente entre un período de dous a catro anos...”*

Tamén resulta excesiva a proposta de duración do mandato dos membros do Comité de Recursos, entre un período de dous a seis anos, polo que se propón reducir este período ata un máximo de dous anos.

Artigo 57: *Proponse unha nova redacción na que ten que quedar claro que unicamente cando se realice unha auditoría externa será necesario un letrado asesor e que non é obrigatoria tal asistencia de letrado para exercicios sucesivos cando a auditoría externa non se realice.*

A redacción actual deste artigo (a recollida no anteproxecto) pode dar lugar a confusión, posto que parece deducirse que é necesario un letrado asesor para exercicios sucesivos polo feito de que nunha cooperativa se realizase unha auditoría externa. Convén clarear este extremo no senso de que non é obrigatoria.

Artigo 58.4º: A proposta é substituír a expresión “para os efectos da Lei de Arrendamentos Urbanos ou Rústicos...” por “nin aínda ós efectos...” para un mellor entendemento deste apartado do artigo.

Artigo 61.1º: Proponse a seguinte redacción: “...sen excede-la retribución que se estableza ó interese legal do diñeiro, incrementado en 3 puntos”.

É excesivo o incremento de 6 puntos por riba do interese legal do diñeiro que propón o texto, polo que se propón reducir esta contía a 3 puntos, baseándose en que tal como está na Lei, por un lado poderíase dar lugar a situación de crise en moitas cooperativas, e por outra banda, co incremento de 3 puntos estase a incentivar aportacións voluntarias do socios, e do mesmo xeito, evítanse aportacións foráneas.

Artigo 67.1º a): Proponse unha nova redacción para este apartado, do seguinte xeito: “Destinarase o 20% ó Fondo de Reserva Obrigatorio e o 10% ó Fondo de Formación e Promoción ata que a contía de ditos fondos acade unha cifra igual á do capital social. Dende ese momento destinarase como mínimo o 10% ó Fondo de Reserva Obrigatorio e o 5% ó Fondo de Formación e Promoción”.

A distribución dos excedentes netos aportados ós Fondos de Reserva Obrigatorio e de Formación e Promoción debeña variarse nas cantidades que se propoñen.

Artigo 67.2: Proponse engadi-lo seguinte texto: “Os Estatutos ou, no seu defecto, a Asemblea Xeral, por máis da metade dos votos validamente expresados, fixará a forma de facer efectivo o retorno cooperativo acreditado para cada socio, coas seguintes modalidades:

a) que se satisfaga ós socios no prazo máis breve posible á aprobación das contas do exercicio.

b) que se incorpore ó capital social, dando lugar ó correspondente incremento do importe das aportacións de cada socio ó mesmo.

c) que se incorpore a un fondo, regulado pola Asemblea Xeral de acordo coas seguintes normas:

1. O importe do retorno cooperativo acreditado a cada socio e incorporado a este fondo, deberá ser devolto ó socio nun prazo non superior a cinco anos.
2. En todo momento e aínda que non se cumprira o prazo para a súa devolución ó socio, este poderá destina-las cantidades de que sexa titular en dito fondo a satisfacer as perdas que lle sexan imputadas de acordo co establecido na Lei e a satisfacer aportacións obrigatorias ó capital social.
3. As cantidades aportadas a dito fondo devengarán o tipo de interese que fixe a Asemblea Xeral, que non poderán exceder do Básico do Banco de España incrementado en tres puntos”.

Artigo 68.1º: Debería ampliarse o parágrafo 1º deste artigo do seguinte xeito: “O Fondo de Reserva Obrigatorio (...) é irrepartible entre os socios, incluso en caso de disolución da sociedade cooperativa”.

Débase especificar ó final do primeiro parágrafo do apartado 1 deste artigo que o Fondo de Reserva Obrigatorio é irrepartible entre os socios incluso en caso de disolución da sociedade cooperativa.

Artigo 73.2º: Engadir ó final deste artigo o seguinte: “... *Informe de Auditoría que deberá realizarse nun prazo de catro meses como máximo*”.

O artigo carece de precisión. Débese especificar un prazo máximo para a realización do Informe de Auditoría ó que se refiére o texto. Este prazo sería de catro meses.

Artigos 84.2º e 84.4º: *Os apartados sinalados destes artigos teñen unha redacción confusa, polo que se propón unha maior clarificación dos mesmos.*

Artigo 91.1º: Proponse a seguinte precisión: “*Os liquidadores (...) ostentarán a representación da Cooperativa en xuízo e fora del, só a efectos da liquidación...*”

Considérase que se debe especificar que os liquidadores ostentarán a representación da cooperativa só a efectos da liquidación da mesma.

Artigo 118.1º: *Proponse a supresión, no segundo parágrafo deste apartado, da referencia ás confrarías de pescadores.*

Estímase axeitado suprimi-la referencia a que, nesta clase de Cooperativa (de explotación de recursos acuícolas), poidan ser socios cedentes de bens e dereitos as Confrarías de Pescadores e as Administracións ou Entes Públicos titulares dos mesmos

Artigo 125.3º: A proposta é unha nova redacción para incluír unha referencia expresa ós axentes sociais, nos seguintes termos: “*Nestas Cooperativas poderán participar como socios as Administracións e Entidades Públicas responsables da prestación de servizos sociais, así como os axentes sociais colaboradores de prestacións de servizos sociais...*”

Débese incluír, tamén, dentro do abano de socios partícipes destas cooperativas que o seu fin é a integración social, ós axentes sociais polo seu labor nese campo.

Artigo 126.2º: Proponse a seguinte nova redacción do apartado: “*Nestas cooperativas poderán participar como socios as Administracións ou Entidades Públicas así como os axentes sociais colaboradores de prestación de servicios de asistencia social*”.

Un principio a ter en conta neste tipo de cooperativas (de asistencia social) é que cos servicios básicos non se debe buscar rendabilidade. Este é a razón pola que se propón que se eliminen ás entidades privadas como socios partícipes destas cooperativas e asimesmo se engada que poden participa-los axentes sociais colaboradores de prestación de servicios de asistencia social, segundo a redacción proposta.

Artigos 128 e 129: *En ámbolos dous artigos, e có obxecto de clarificar, proponse que se completen co detallado na Lei estatal, posto que tal como están redactados poden dar lugar a ambigüedad.*

Artigo 133.1º: *Proponse reduci-lo número esixido de cooperativas e que este sexa de 5.*

No caso das unións de cooperativas a que se refire este artigo, é excesivo o número de 10 cooperativas como mínimo para poder constituirse como tal unión. Parece máis oportuno que esta cantidade mínima de sociedades sexa de cinco.

Artigo 136: *Proponse eliminar da composición deste organismo representantes dos Concellos e da Universidades e unicamente deixar ós representantes das cooperativas ademais de engadir representantes dos axentes sociais.*

Artigo 139: Proponse unha redacción máis clara, co seguinte texto: “*Corresponde á Consellería competente en materia de Traballo, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a potestade da función inspectora en relación co cumprimento desta Lei, así como do seu desenvolvemento estatutario, sen*

perxuízo das funcións inspectoras que correspondan a outras Consellerías en función da lexislación específica aplicable”.

Na súa actual redacción, este artigo non se entende. Por motivos de claridade do texto débese fusiona-lo primeiro parágrafo eliminando “a función inspectora...” ata “cooperativa” e tamén débese eliminar “segundo o previsto nesta Lei”. Unha redacción máis clara para eliminar posibles dúbidas é a proposta máis arriba.

Artigo 140.1º: *Proponse una maior precisión na tipificación das infraccións.*

É necesaria unha maior precisión a hora de tipificar cada unha das infraccións aquí detalladas posto que tal como están redactadas son moi xenéricas, todo iso en base ó principio de tipicidade que debe inspira-la materia das infraccións e sancións.

Artigo 140.3º: *Proponse unha nova escala de sancións, que sería a seguinte:*

***Infraccións leves** sancionaranse con multa de 5.000 a 50.000 pesetas; as **infraccións graves**, con multa de 50.001 a 500.000 pesetas e as **moi graves**, con multa de 500.001 a 5.000.000 de pesetas...*

Os graos serían:

*As **infraccións leves** sancionaranse con multa, no seu grao mínimo de 5.000 a 10.000 pesetas; no seu grao medio, de 10.001 a 25.000 pesetas e no seu grao máximo de 25.001 a 50.000 pesetas.*

*As **infraccións graves** sancionaranse con multa, no seu grao mínimo de 50.001 a 100.000 pesetas; no seu grao medio, de 100.001 a 250.000 pesetas e no seu grao máximo, de 250.001 a 500.000 pesetas.*

*As **infraccións moi graves** sancionaranse con multa, no seu grao mínimo de 500.001 a 1.000.000 pesetas; no seu grao medio, de 1.000.001 a 2.500.000 e no seu grao máximo de 2.500.001 a 5.000.000 de pesetas.*

En coherencia co disposto na LISOS (Lei 8/88, de 7 de abril), parece xusto que se rebaixen as graduacións das contías das sancións sinaladas neste artigo.

Artigo 141: *É necesario que se clasifiquen as causas que poidan dar lugar á intervención temporal das cooperativas, xa que neste artigo dase unha ausencia de tipificación de tales causas.*

Disposición Final 3ª: *Proponse que se reduza a 6 meses o prazo para a constitución do Consello Galego de Cooperativas e o Rexistro de Cooperativas de Galicia.*

O prazo de 18 meses establecido para que a Xunta de Galicia dicte as normas necesarias para o desenvolvemento desta Lei non se debe xeneralizar para tódolos supostos. En particular, parece excesivamente longo para a creación do Consello Galego de Cooperativas e para a posta en funcionamento do Rexistro de Cooperativas.

